

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria do 2 de setembro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dous de setembro do dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.403).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA. EXPTE. 11367/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 27.08.2010 co fiscalizado e conforme do interventor xeral do 30.08.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Marta

(expediente 11367-332) por un prezo total de 844.880,58 euros IVE incluído. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10 de maio de 2010 e a oferta presentada.”

2(1.404).- PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONTRATACIÓN DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO ORZAMENTO 2010. EXPTE. 101657/140.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, do 31.08.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as condicións e características ás que quedará suxeita a operación de crédito a concertar por un importe máximo de 27.000.000,00 euros, que figuran no Estado de Ingresos do Orzamento no concepto 917.00 para financiar parte do plan de investimentos que figuran no Orzamento xeral aprobado polo Pleno de Corporación en sesión do 9 de abril do ano 2010 para o ano 2010.

2º.- Aprobar o modelo de contrato a formalizar pola entidade financeira que resulte adxudicataria da operación e que conformará o modelo de oferta para os licitadores.

3º.- Someter o procedemento a publicidade, inserindo un anuncio no xornal de maior tirada da cidade e cos prazos de presentación de ofertas que figuran nas características da operación.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos

. Como secretaria dou fé.

am/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.